



3.- Os interesados poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Oímbra, 6 de xullo de 2012. O alcalde.

Asdo.: Alfonso Villarino Rodríguez.

#### Edicto

*La Junta de Gobierno Local de este ayuntamiento, en sesión extraordinaria realizada el día 5 de julio de 2012, aprobó el padrón de contribuyentes para el ejercicio del año 2012 por el siguiente tributo, confeccionado en virtud del soporte informático facilitado por el Ministerio de Economía y Hacienda: padrón de contribuyentes 2012 aprobado:*

*- Impuesto de actividades económicas, con un total de deuda tributaria de 14.955,23 euros.*

*En virtud de lo establecido en el artículo 102 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, se notifican colectivamente las liquidaciones individualizadas que figuran en el mencionado padrón.*

*Los deudores que figuren en él y los interesados en general podrán interponer contra estas liquidaciones individualizadas, así como contra las inclusiones, exclusiones o cualquier otro dato recogido, los siguientes recursos:*

*1- Reposición: ante la Junta de Gobierno Local de este ayuntamiento, en el plazo de 1 mes, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, y que se entenderá rechazado si transcurre 1 mes desde su presentación sin que sea resuelto expresamente.*

*2- Contencioso-administrativo: ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, en el plazo de 2 meses si la resolución del recurso de reposición es expresa y en el plazo de 1 año desde la interposición, si no lo fuera.*

*3- Los interesados podrán interponer cualquier otro recurso que estimen pertinente.*

Oímbra, 5 de julio de 2012. El alcalde.

Fdo.: Alfonso Villarino Rodríguez.

**R. 2.950**

## Ourense

### Anuncio

Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs

Expediente n.º 721/2012

Convocatoria 2012 de subvencións para rehabilitación de vivendas e edificios na ARI O Polvorín- As Camelias- A Carballeira.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 21 de xuño de 2012 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Aproba-las bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de vivendas e edificios na área de rehabilitación integral O Polvorín- As Camelias- A Carballeira (2ª fase)- anualidades 2013- 2014- 2015, segundo a redacción efectuada polo Servizo de Rehabilitación VPP e PERIs.

2º) Aproba-la convocatoria de subvencións para a rehabilitación de vivendas e edificios na área de rehabilitación integral O Polvorín- As Camelias- A Carballeira (2ª fase)- anualidades 2013- 2014- 2015.

3º) Ordena-la publicación da convocatoria e do texto íntegro das bases no BOP, para a apertura do prazo de presentación de solicitudes e o desenvolvemento desta.

Deseguido insírense as bases reguladoras da convocatoria de subvencións así como os modelos de solicitudes relacionados con ela.

Ourense, 22 de xuño de 2012. O concelleiro delegado de Vivenda Pública e Rehabilitación Urbana.

Asdo.: Xosé Fernando Varela Parada.

Índice

Exposición de motivos

Capítulo primeiro. Obxecto da convocatoria

Artigo 1.- Obxecto

Capítulo segundo. Ámbito territorial

Artigo 2.- Ámbito territorial das actuacións para subvencionar

Capítulo terceiro. Requisitos das actuacións

Artigo 3.- Actuacións subvencionables

Artigo 4.- Requisitos xerais

Artigo 5.- Conformidade co planeamento

Artigo 6.- Condicións dos inmobles

Capítulo cuarto. Beneficiarios/as das subvencións

Artigo 7.- Beneficiarios/as das subvencións

Capítulo quinto. Réxime económico e orzamentario

Artigo 8.- Características das axudas

Artigo 9.- Contía das axudas económicas

Artigo 10.- Programa complementario de actuacións

Artigo 11.- Orzamento protexible

Artigo 12.- Límites xerais das axudas

Artigo 13.- Compatibilidade das axudas

Capítulo sexto. Procedemento de concesión

Artigo 14.- Normas xerais

Artigo 15.- Inspección técnica previa. Servizos de asistencia técnica

Artigo 16.- Criterios para concesión das subvencións

Artigo 17.- Solicitude oficial de axuda e documentación

Artigo 18.- Aprobación inicial das axudas

Artigo 19.- Contratación das obras

Artigo 20.- Inicio das obras

Artigo 21.- Execución das obras

Artigo 22.- Remate das obras

Artigo 23.- Cualificación definitiva e pagamento das axudas

Capítulo sétimo. Denegación, perda e reintegro da subvención

Artigo 24.- Causas de denegación e perda das axudas

Artigo 25.- Reintegro das subvencións

Disposicións adicionais

Primeira. Outros convenios

Segunda. Promocións tuteladas

Terceira. Axudas a locais comerciais e outras actividades económicas. Subvencións complementarias municipais.

Cuarta. Aplicación a outras ARI.

Quinta. Tratamento de datos de carácter persoal.

Exposición de motivos

I. En desenvolvemento dos convenios asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, regúlanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas nas ARI do Polvorín-As Camelias-A Carballeira.

II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de vivendas e edificios e os seus elementos comúns. Con eles téntase estimula-la rehabilitación integral do ámbito territorial delimitado na ARI, tanto na súa dimensión física como no da súa necesaria revitalización social, económica e cultural.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmobles que se atopen situados dentro da Área de Rehabilitación Integral do Polvorín - As Camelias - A Carballeira



e que sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente.

As prioridades para selecciona-las solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense procurando incentiva-las actuacións integrais nos edificios, de xeito que se produza unha mellora das súas condicións de accesibilidade, con supresión de barreiras arquitectónicas, eficiencia enerxética e estética, sempre vinculada esta á anterior.

No aspecto de protección social, a ordenanza tenta favorecer os sectores sociais con menor capacidade económica para financia-las obras de rehabilitación de xeito que esta febleza non impida a súa execución, o que prexudicaría non só ó interesado, senón tamén ó resto de propietarios das edificacións. Por iso, establécense contías económicas superiores para xente nova e maiores que viven nestes ámbitos, así como para diminuídos, familias monoparentais e mulleres vítimas da violencia de xénero, atendendo tamén ós supostos de insolvencia económica. En todo caso, para garantir unha xusta distribución dos fondos dispoñibles, as administracións públicas implicadas estudarán de forma coordinada e conxunta cada solicitude individual de rehabilitación.

IV. Por outra banda, para garanti-lo mantemento e a revitalización dos usos residenciais, as bases reguladoras priman as axudas ás vivendas xa habitadas.

V. Na redacción desta ordenanza tívoise en conta o disposto na vixente Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración local, e na Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en tanto que normas reguladoras das bases de concesión das subvencións.

Capítulo primeiro. Obxecto da convocatoria

Artigo 1.- Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regula-la concesión de subvencións para a rehabilitación de vivendas e/ou edificios dentro da Área de Rehabilitación Integral do Polvorín-As Camelias-A Carballeira, con base nos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense.

Capítulo segundo. Ámbito territorial

Artigo 2.- Ámbito territorial das actuacións para subvencionar

As actuacións que poden optar ás subvencións serán as que se executen dentro do ámbito territorial delimitado da ARI indicada no artigo anterior, segundo o acordo de declaración desta.

Capítulo terceiro. Requisitos das actuacións

Artigo 3.- Actuacións subvencionables

As vivendas rehabilitadas obxecto dos distintos tipos de actuacións subvencionadas a través destas bases destinaranse a residencia habitual e permanente do propietario ou ó alugueiro.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actuación de rehabilitación subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Será motivo de negación da actuación o feito de que as obras de rehabilitación solicitadas estiveran comezadas con anterioridade á cualificación provisional daquelas por parte da Administración autonómica.

As actuacións de rehabilitación adaptaranse estritamente á lexislación e ó planeamento urbanístico vixente no momento de solicita-la subvención, así como ás demais normas sectoriais que lles sexan de aplicación.

As devanditas actuacións de rehabilitación estarán incluídas nos seguintes tipos:

A. Rehabilitación de elementos comúns dos edificios:

Estas actuacións poderán ser de adecuación estrutural, de adecuación funcional, de remodelación ou de ampliación. A definición de cada tipo de actuación é a recollida no artigo 8 do Decreto da Xunta de Galicia 29/2010, do 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia ou norma que o substitúa. As obras poden incluír derrubamentos parciais en edificios con uso residencial que comporten o esgotamento estrutural e funcional dos devanditos edificios.

A título puramente exemplificativo, entenderanse subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Acceso adecuado para as persoas con discapacidade.
- b) Instalación de ascensores ou outros medios técnicos que resolvan a mobilidade vertical na edificación.
- c) Adecuación das condicións de protección fronte a incendios.
- d) Adecuación das condicións de salubridade.
- e) Estanquidade fronte á choiva.
- f) Seguraza estrutural.
- g) Sistemas adecuados de evacuación de auga de choiva e saneamento.
- h) Sistemas de aforro enerxético.
- i) Mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de mobilidade vertical da edificación.
- j) Mellora da eficiencia enerxética de servizos sanitarios e cociñas.
- k) Mellora da eficiencia enerxética das instalacións eléctricas.
- l) Mellora da eficiencia enerxética do saneamento e da fontanería.
- m) Mellora da eficiencia enerxética do sistema de calefacción.
- n) Mellora da eficiencia enerxética da extracción de fumes e ventilación.
- o) Illamento térmico e illamento acústico con ou sen adecuación da distribución de espazos interiores.

B. Rehabilitación de vivendas

Estas actuacións poderán ser de adecuación funcional, de remodelación ou de ampliación. A definición de cada tipo de actuación é a recollida no artigo 8 do Decreto da Xunta de Galicia 29/2010, do 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia ou norma que o substitúa.

A título puramente exemplificativo, entenderanse subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Acceso adecuado para as persoas con discapacidade.
- b) Adecuación das condicións de protección fronte a incendios.
- c) Adecuación das condicións de salubridade.
- d) Estanquidade fronte á choiva.
- e) Seguraza estrutural.
- f) Sistemas adecuados de evacuación de auga de choiva e saneamento.
- g) Sistemas de aforro enerxético.
- h) Mellora da eficiencia enerxética de servizos sanitarios e cociñas.
- i) Mellora da eficiencia enerxética das instalacións eléctricas.
- j) Mellora da eficiencia enerxética do saneamento e da fontanería.
- k) Mellora da eficiencia enerxética do sistema de calefacción.
- l) Mellora da eficiencia enerxética da extracción de fumes e ventilación.
- m) Illamento térmico e illamento acústico con ou sen adecuación da distribución de espazos interiores.

C. Rehabilitación de elementos especiais e de interese arquitectónico.

Así mesmo, poderanse solicitar axudas para a rehabilitación, restauración ou reposición de elementos especiais e de interese



arquitectónico tales como: galerías e miradoiros de madeira, ferraxes e traballos de forxa singulares, cristaleiras e chumbados, traballos especiais da pedra, motivos decorativos relevantes e, en xeral, elementos de singular interese arquitectónico.

#### Artigo 4.- Requisitos xerais

Para os efectos de obter as axudas previstas nestas bases será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

1º. As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras nas que se faga constar a descrición de tódalas obras para executar.

2º. A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.

3º. As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

4º. As obras obxecto de subvención deberán cumprir a normativa vixente de aplicación en materia de Código técnico da edificación, infraestrutura común de acceso ós sistemas de telecomunicacións e demais normativa técnica aplicable.

5º. As demais que se sinalan nestas bases.

#### Artigo 5.- Conformidade co planeamento

1. Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicable en cada momento.

2. Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co planeamento vixente, para adaptalos ó dito planeamento.

#### Artigo 6.- Condicións dos inmobles

1. Os edificios deberán contar como mínimo con 2/3 da súa superficie útil destinada a uso de vivenda, despois de realizadas as actuacións de rehabilitación. Exclúense do cómputo as superficies por baixo da rasante.

2. Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de perda de funcionalidade das redes de abastecemento e saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

3. As actuacións en vivendas deberán atender á mellora das condicións de seguridade, accesibilidade, eficiencia enerxética e habitabilidade e poderán afectar, dentro desas catro tipoloxías, á distribución interior, ás instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións de cociña ou doutros servizos de carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa. En todo caso, as vivendas deberán localizarse en edificios que reúnan as condicións sinaladas no punto anterior.

4. Non se subvencionarán obras rematadas con anterioridade á resolución da cualificación provisional da actuación por parte da Administración autonómica, sen prexuízo do sinalado no artigo 16 destas bases.

#### Capítulo cuarto. Beneficiarios das subvencións

##### Artigo 7.- Beneficiarios das subvencións

Poderán solicitar estas axudas:

Os/As propietarios/as e usufrutuarios/as de vivendas ou edificios destinados a vivendas, así como os arrendatarios (con contrato de alugueiro expreso) ou titulares dalgún dereito de uso sobre eles que teñan autorización da propiedade para acometer as obras, sempre e cando a vivenda constituía domicilio habitual.

Os/As propietarios/as ou titulares dalgún dereito de uso sobre os edificios cando se trate de axudas á rehabilitación de elementos comúns dos edificios.

Os/As titulares de vivendas desocupadas sempre e cando se comprometan a ocupalas eles mesmos ou a transmitir as cedelas en arrendamento ou de calquera outro xeito legalmente admisible coma residencia habitual e permanente, no prazo máximo de 4 meses dende a finalización das obras. Neste caso a concesión da axuda quedará condicionada á efectiva ocupación das vivendas no dito prazo.

Os edificios ou vivendas que obteñan a subvención deberán destinarse a domicilio habitual e permanente do/da seu/súa propietario/a ou ó arrendamento durante un prazo de cinco anos dende o remate das obras (artigo 46.1.d) do RD 2066/2008, do 12 de decembro).

Non se concederán subvencións ás persoas solicitantes que non contribúan ó pagamento das obras de rehabilitación dos elementos comúns dos edificios nos que se atopen as vivendas ou demais dependencias da edificación, sen mediar causa legal.

Non poderá obter a condición de beneficiarias as persoas que incorran nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terán as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Capítulo quinto. Réxime económico e orzamentario

##### Artigo 8.- Características das axudas económicas

As axudas económicas previstas terán o carácter de subvención a fondo perdido, poderán dirixirse a calquera das actuacións sinaladas no artigo 3 desta ordenanza e financiarán parcialmente as actuacións de rehabilitación nas proporcións e cantidades que se reflectan nos artigos seguintes destas bases.

As subvencións concederanse no marco dos acordos asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense.

Para os efectos de obter as axudas previstas nestas normas de procedemento, terase en conta as seguintes determinacións:

1. As axudas económicas abeiradas ós convenios citados no artigo 1 desta ordenanza terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no seu artigo 3.

2. As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos polo servizo municipal xestor da rehabilitación do concello (Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs).

3. Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación e os baleirados integrais.

4. As ordes de prioridades recollidas nestas bases aplicaranse de xeito tal que se poidan realizar actuacións en tódolos niveis.

5. As obras proxectadas deberán obter a preceptiva licenza municipal de obras e a edificación ou vivenda ter uso residencial unha vez rematadas as actuacións.

6. As obras que se dirixan cara á actuación sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

7. Non poderán subvencionarse actuacións sobre os elementos privativos das vivendas, cuxas obras non consigan obter as debidas condicións de seguridade, accesibilidade, eficiencia enerxética e habitabilidade.

8. As obras nas que legalmente sexa obrigatorio presentar certificado final de obra unha vez rematadas, deberán de acada-la preceptiva licenza de primeira utilización, se procede.



#### Artigo 9.- Contía das axudas económicas

##### 1. Tipoloxía das actuacións para subvencionar

Enténdese como actuación no edificio aquela que se refira a elementos comúns daquel. A actuación pode supor unha intervención na totalidade dos elementos construtivos afectados polo tipo de obra para executar, dentro dos varios que poden ser obxecto de subvención segundo o artigo 3 destas ordenanzas, ou ben unha intervención parcial de xeito que só afecte a partes determinadas daqueles, quedando outras sen intervención.

Enténdese como actuación individual aquela que se realice nos elementos privativos de cada vivenda do edificio. O feito de que tódolos/as propietarios/as que teñan dereito a subvención a soliciten para un mesmo tipo de obra para executar nos elementos privativos de cada vivenda do edificio, non converte a dita obra en actuación integral.

##### 2. Distribución global dos fondos dispoñibles

Dentro de cada fase, anualidade ou unidade temporal ou orzamentaria de xestión que se fixe nos acordos entre as administracións intervenientes para o financiamento das actuacións de rehabilitación na ARI establécese un límite máximo do 30% dos fondos dispoñibles para subvencionar as solicitudes que se refiran a actuacións individuais nas vivendas ou intervencións non integrais nos edificios.

O 70% restante dos fondos dispoñibles destinarase para subvencionar actuacións integrais ou non integrais nos edificios.

Só poderá superarse a porcentaxe enriba citada para financiar actuacións individuais cando non existan solicitudes de subvención para actuacións integrais pendentes de resolver dentro de cada fase, anualidade ou unidade temporal ou orzamentaria de xestión que se fixe nos acordos entre as administracións intervenientes para o financiamento das actuacións de rehabilitación na ARI.

##### 3. Porcentaxe máxima de orzamento protexible computable para os efectos de subvención

Nas actuacións nos elementos comúns dos edificios a porcentaxe máxima de orzamento protexible computable para os efectos de subvención será do 75% do orzamento protexible das obras.

Nas actuacións individuais a porcentaxe máxima de orzamento protexible computable para os efectos de subvención será do 50% do orzamento protexible das obras.

##### 4. Contías máximas individualizadas das subvencións

Sempre co respecto ó límite porcentual establecido no apartado segundo deste artigo, e tendo en conta a porcentaxe máxima de orzamento protexible para computar establecido no parágrafo terceiro deste artigo, as contías máximas individualizadas serán as seguintes:

###### A- Actuacións nos elementos comúns da edificación

Con carácter xeral, a contía máxima da subvención non poderá exceder de 10.000 euros por vivenda ou dependencia do edificio.

Nos seguintes casos, a contía máxima da subvención poderá aumentarse ata os 15.000 euros por vivenda:

- Cando no momento da solicitude da subvención o/a solicitante teña 65 ou máis anos de idade, sempre que se atope xubilado e que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

- Cando no momento de solicitude da subvención o/a solicitante teña 35 ou menos anos de idade, sempre que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

- Cando no intre de solicitude da subvención o/a solicitante constitúa unha familia monoparental, sempre que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

- Cando no intre de solicitude da subvención o/a solicitante teña a consideración de vítima da violencia de xénero, sempre que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

- Cando no intre de solicitude da subvención o/a solicitante se atope en situación de desemprego, sempre que sexa propietario/a da vivenda, que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos e que o tempo que leve na dita situación sexa igual ou superior a tres anos.

- Cando o/a solicitante acredite un grao de minusvalía igual ou superior ó 33% ou un grao de minusvalía inferior pero cuxa dependencia estea clasificado nos graos I e II establecidos no artigo 26.1 da Lei 39/2006, sempre que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

###### B- Actuacións en elementos privativos.

Con carácter xeral, a contía máxima da subvención non poderá exceder de 5.000 euros por vivenda.

Nos seguintes casos, a contía máxima da subvención poderá aumentarse ata os 7.000 euros por vivenda:

- Cando no momento da solicitude da subvención o/a solicitante teña 65 ou máis anos de idade, sempre que se atope xubilado e que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

- Cando no intre de solicitude da subvención o/a solicitante teña 35 ou menos anos de idade, sempre que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

- Cando no intre de solicitude da subvención o/a solicitante constitúa unha familia monoparental, sempre que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

- Cando no intre de solicitude da subvención o/a solicitante teña a consideración de vítima da violencia de xénero, sempre que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

- Cando no intre de solicitude da subvención o/a solicitante se atope en situación de desemprego, sempre que sexa propietario/a da vivenda, que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos e que o tempo que leve na dita situación sexa igual ou superior a cinco anos.

- Cando o/a solicitante acredite un grao de minusvalía igual ou superior ó 33% ou un grao de minusvalía inferior, pero cuxa dependencia estea clasificado nos graos I e II establecidos no artigo 26.1 da Lei 39/2006, sempre que sexa propietario/a da vivenda e que esta constitúa o seu lugar de residencia dende fai tres ou máis anos.

Malia o disposto neste parágrafo cartó, as contías individuais das subvencións non poderán ser superiores en ningún caso á que vén determinada pola limitación por orzamento protexible establecida no apartado terceiro deste artigo, prevalecendo sempre como contía máxima individual esta sobre aquelas.

##### 5- Redución da contía individual da subvención por non ocupación de vivenda.

No caso de que a vivenda para a que se solicite a subvención non estivera habitada polo seu propietario ou alugada de xeito acreditado a terceiros durante os tres anos inmediatamente anteriores á data de solicitude da subvención, a contía individual da subvención establecida nos apartados A e B do apartado 4º reducirase nun 20% con carácter xeral.

##### 6- Incremento da contía individual da subvención en función dos ingresos familiares.

Unha vez establecida a contía individual da subvención seguindo as determinacións dos cinco apartados anteriores

deste artigo, aquela incrementaranse de xeito lineal en función dos ingresos familiares do seguinte xeito:

A- Cando os ingresos da unidade familiar non alcancen o 2,5 do IPREM: 1.000 €.

B- Cando os ingresos da unidade familiar non alcancen o 4,5 do IPREM: 500 €.

Artigo 10.- Programa complementario de actuacións

Establécese un programa complementario de actuacións para tentar dar solución a aqueles casos nos que, existindo unha situación de insolvencia económica por parte dos/as solicitantes, se pretenda actuar sobre os elementos comúns do edificio ou na consecución das condicións de habitabilidade das vivendas. Este programa, condicionado á existencia de fondos dispoñibles e á acreditación da situación de insolvencia, terá por obxecto, pois, aquelas actuacións que, pola súa necesidade, características e urxencia, se estimen como prioritarias.

Será condición sine qua non para acollerse a este programa que se recoñeza a necesidade de consecución da habitabilidade por parte dos técnicos do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs.

As axudas irán dirixidas ás actuacións nos elementos comúns ou ás obras de adecuación funcional e de remodelación de elementos privativos das vivendas que teñan por obxecto a mellora das condicións de seguridade, accesibilidade, eficiencia enerxética e habitabilidade e poderán afectar, dentro desas catro tipoloxías, á distribución interior, ás instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións de cociña ou doutros servizos de carácter xeral.

O orzamento protexible da actuación será determinado polos servizos técnicos, con independencia do custo real da obra.

Beneficiarios/as:

Poderán ser beneficiarios/as das axudas complementarias deste programa todas aquelas unidades familiares que acrediten insolvencia económica para acomete-las obras necesarias.

Requisitos:

A situación de insolvencia irá referida á unidade familiar e deberá acreditarse mediante a seguinte documentación:

Informe dos Servizos Sociais deste concello, que demostre a situación de precariedade económica.

Relación de membros da unidade familiar: nome e apelidos, DNI e data de nacemento destes.

Declaración xurada dos ingresos anuais da unidade familiar.

Certificado de rendas expedido pola AEAT e copia da última declaración do imposto sobre o patrimonio ou, de se-lo caso, certificado de non estar obrigado a declarar da AEAT de tódolos membros da unidade familiar. Este requisito pode ser substituído pola obtención da dita información tributaria polo concello.

Autorización para solicitar da AEAT información tributaria relativa ós membros da unidade familiar.

Declaración xurada de carecer doutra vivenda dentro da Provincia de Ourense.

A subvención a fondo perdido que se poderá outorgar con cargo a este programa será do 75% do orzamento protexible das obras de rehabilitación que se realicen hasta un máximo de 20.000 €, aínda que se poderá resolve-lo outorgamento de subvencións por unha contía inferior á sinalada anteriormente.

Artigo 11.- Orzamento protexible

1. Por orzamento protexible entenderase o custo máximo da execución da rehabilitación das vivendas e dos edificios, a ditos efectos computarase unha superficie útil máxima de 90 m<sup>2</sup> por vivenda. Comprenderá o orzamento xeral mailo imposto sobre o valor engadido (IVE). O devandito orzamento será o resultado de lle sumar ó orzamento de execución material o beneficio

industrial e os gastos xerais, mailos custos dos honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

2. O orzamento presentado quedará suxeito á posibilidade de revisión de prezos, segundo as distintas partidas do catálogo de prezos de rehabilitación determinados polo IGVS e da base de datos da construción de Galicia. Excluirase deste mobiliario elementos decorativos, materiais suntuarios e carpinterías de PVC, agás informe técnico favorable.

3. Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contan cun orzamento protexible mínimo por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio de 1.000 €.

4. As contías máximas de orzamento protexible serán as seguintes:

a) Rehabilitación de vivendas en edificios colectivos.

Contía máxima do orzamento protexible por vivenda será a aceptada polos técnicos da Área Provincial do IGVS.

Cando a actuación supoña a modificación da superficie útil destinada a vivendas ou ó número destas, o orzamento protexible calcularase tendo en conta a superficie e o número de vivendas que resulte despois de realizadas as obras de rehabilitación consonte o seu proxecto.

b) Rehabilitación de elementos comúns de edificios.

A contía máxima de orzamento protexible por edificio será a aceptada polos técnicos da Área Provincial do IGVS.

Cando da rehabilitación dos elementos comúns dos edificios se deriven necesariamente obras que afecten ás vivendas, poderá incluírse o seu custo no orzamento protexible da devandita actuación.

c) Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por edificio dunha soa vivenda o inmovible que alberga exclusivamente unha vivenda familiar con omisión de calquera outro tipo de uso, agás despacho profesional ou pequeno taller integrado nela.

A contía máxima do orzamento protexible será a aceptada polos técnicos da Área Provincial do IGVS.

Artigo 12.- Límites xerais das subvencións

As subvencións previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicable preveña e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios.

As subvencións outorgaranse con cargo ás partidas orzamentarias que se incluírán nos orzamentos para as anualidades 2013, 2014 e 2015 e, de producirse reaxustes de anualidades, posteriores coa denominación "Convenio con Estado e Xunta: rehabilitación vivenda ARI do Polvorín - As Camelias - A Carballeira" ou similar e coa dotación orzamentaria máxima seguinte, segundo as achegas comprometidas no Acordo do 14 de maio de 2012, entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense en materia de actuacións na ARI O Polvorín - As Camelias - A Carballeira (2ª fase), que se recollen no cadro seguinte:

Anualidade; Total

2013; 170.000 €

2014; 255.000 €

2015; 425.000 €

2016 e Posteriores; Remanentes das contías previstas en 2013, 2014 e 2015 debidamente reaxustadas

A concesión das subvencións para tódolos exercicios económicos, especialmente para as anualidades orzamentarias posteriores ó 2015 e sempre que se autoricen redistribucións dos fondos achegados e non dispostos das dúas anualidades anteriores,



quedan condicionadas e limitadas á existencia de partida e de crédito orzamentario dispoñible en cada unha das anualidades ás que se imputen as actuacións para subvencionar.

A contía destas axudas poderá ser modificada á alza cando concorran as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 13.- Compatibilidade das axudas

Estas axudas son compatibles con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desas axudas, pero a suma de todas elas non poderá superar, en ningún caso, o 75% do orzamento protexible.

#### Capítulo sexto. Procedemento de concesión

##### Artigo 14.- Normas xerais

1. O prazo de presentación de solicitudes de axudas comezará coa publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

2. O procedemento é mediante convocatoria aberta consonte co establecido no artigo 59 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

3. A instrución do procedemento corresponderalle ó Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

4. As propostas de outorgamento das subvencións serán realizadas por unha Comisión avaliadora que estará integrada do seguinte xeito:

Presidente: o membro da Corporación que exerza as competencias, por se-lo titular destas ou por delegación deste, en materia de rehabilitación ou de ARIs.

Secretario: un funcionario da escala de administración xeral do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs.

Vogais: o interventor xeral municipal.

O xefe do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs, que poderá actuar coma relator da comisión.

O director técnico de Rehabilitación Urbana do servizo citado, que poderá actuar coma relator da comisión.

Os membros titulares da comisión poderán delegar, de xeito permanente ou para cada convocatoria individualizada de sesión, o exercicio do seu cargo, noutra persoa, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) O presidente da comisión terá que ser obrigatoriamente un membro da Corporación municipal.

b) O secretario terá que pertencer á escala de administración xeral do concello.

c) Os vogais deberán de pertencer ó mesmo grupo de clasificación profesional e te-la mesma ou superior titulación académica que os titulares.

5. O prazo máximo para acorda-la aprobación inicial da axuda será catro meses. Unha vez transcorrido o citado prazo sen que se notifique a dita a resolución, o interesado poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.

6. A resolución dos expedientes corresponderalle á Xunta de Goberno Local, que é asemade o órgano que ten a competencia para autoriza-lo correspondente gasto, trala proposta formulada pola Comisión avaliadora. A dita resolución pon fin á vía administrativa e deberá adoptarse no prazo de catro meses, contado dende o día seguinte no que o interesado comunique o remate das obras, acompañada de toda a documentación complementaria exixible, ou ben daquel en que se complete esta a instancia da administración. Unha vez transcorrido este prazo sen que se notifícase a resolución, os interesados poderán entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención para os efectos oportunos.

Artigo 15.- Inspección técnica previa. Servizos de asistencia técnica

O/A petionario/a poderá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ó inicio das obras subvencionables. Alén diso, deberá achega-la información requirida e da-la súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs para comproba-lo estado da edificación e asesorar ó/a petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmovible.

Unha vez realizada a visita de inspección e o informe que define previamente as obras para realizar, o particular poderá solicitar do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs, mediante impreso oficial normalizado, a prestación dos servizos de redacción da documentación técnica precisa para a obtención de licenza de obras e a dirección facultativa das obras.

Estas solicitudes de asistencia técnica serán aceptadas, en función dos medios e recursos dispoñibles, nos seguintes casos:

a) Promocións tuteladas que o concello promova segundo o establecido na disposición adicional segunda.

b) Realización de prácticas de formación que promova o servizo.

c) Obras menores que non requiran de proxecto técnico.

d) Outras solicitudes consideradas de interese xeral.

As solicitudes de asistencia técnica aceptadas polo servizo e aprobadas polo órgano municipal competente serán atendidas por rigorosa orde de aprobación.

En todo caso, tanto a redacción de documentación para a obtención de licenza como a dirección facultativa das obras serán realizadas por técnicos con capacitación profesional e habilitación legal abondas e axeitadas ás características das obras que se deban acometer. De se-lo caso, o concello establecerá os procedementos de contratación das asistencias técnicas necesarias.

#### Artigo 16.- Criterios para concesión das subvencións

As axudas outorgaranse de acordo cos seguintes criterios, que determinarán a preferencia dunha solicitude sobre outras dentro de cada fase, anualidade ou unidade temporal ou orzamentaria de xestión que se fixe nos acordos entre as administracións intervinientes para o financiamento das actuacións de rehabilitación na ARI:

A) Actuacións en elementos comúns de edificios: terán preferencia as actuacións que teñan carácter integral respecto das non integrais, segundo os conceptos definidos no artigo 9 destas bases; dentro das intervencións integrais, establécese a seguinte orde de preferencia:

1º) Seguridade.

2º) Estandaridade.

3º) Accesibilidade.

4º) Eficiencia enerxética.

5º) Utilización de enerxías renovables.

Dentro de cada clase de actuación, terán preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo; e, por último, no caso de solicitudes que completaran a documentación ó mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presentasen antes no Rexistro municipal.

B) Actuacións nos elementos privativos das vivendas: establécese a seguinte orde de preferencia:

1º) Seguridade.

2º) Accesibilidade.

3º) Eficiencia enerxética.

4º) Habitabilidade.

Dentro de cada clase de actuación, terán preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo; e, por último, no caso de solicitudes que completaran a documentación ó mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presentasen antes no Rexistro municipal.

Se cada fase, anualidade ou unidade temporal ou orzamentaria de xestión que se fixe nos acordos entre as administracións intervinientes para o financiamento das actuacións de rehabilitación na ARI esgotara a súa dotación orzamentaria, as solicitudes debidamente cubertas e coa documentación completa que non obtiveran subvención terán prioridade para a atribución das subvencións na seguinte fase, anualidade ou unidade temporal ou orzamentaria de xestión.

Artigo 17.- Solicitud oficial de axuda e documentación

1. As solicitudes de axuda poderanse presentar dende a publicación no BOP desta convocatoria ata o 31 de decembro de 2012, podendo prorrogarse en caso de autorizarse a redistribución de anualidades a consecuencia da existencia de remanentes. Non obstante, poderanse admitir solicitudes presentadas con posterioridade á dita data, co fin de substituír a aquelas ás que se lles denegue de xeito firme a cualificación provisional.

2. As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse en instancia normalizada que se facilitará nas dependencias do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs, por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación, sempre que esta non poida ser obtida pola dependencia xestora municipal a través de procedementos telemáticos ou de solicitudes formuladas ás administracións e entidades que as teñan que facilitar:

1. Documentación relativa ó/á solicitante.

a) Fotocopia do DNI do solicitante e, de se-lo caso, do seu representante.

b) Declaración responsable de non estar incurso/a nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Declaración responsable de cumprimento das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Certificado de rendas, expedido pola AEAT, ou documentación que o substitúa, o obxecto de comproba-lo cumprimento do disposto no artigo 45.2 do Decreto da Xunta de Galicia 402/2009. Este requisito poderá ser substituído pola autorización ó concello para que solicite da AEAT os datos tributarios que precise para a tramitación e resolución do expediente soamente nos casos de non esixencia da obriga de declarar.

No suposto dos emigrantes, a xustificación das rendas familiares efectuarase ben do mesmo xeito indicado no parágrafo anterior deste apartado ou ben mediante copia ou fotocopia validada da declaración similar á do IRPF presentada no país onde presten os seus servizos, autenticada pola agregaduría laboral, delegación consular ou embaixada de España competente e, de se-lo caso, acompañada coa tradución auténtica a calquera dos dous idiomas oficiais da comunidade autónoma. Se os ingresos estiveran denominados noutras moedas, o seu contravalor en euros calcularase aplicando o derradeiro tipo de cambio no ano no que se produciran tales ingresos.

e) Tarxeta de demandante de emprego, de se-lo caso, debidamente actualizada.

f) Libro de familia, certificados do Rexistro Civil ou calquera outra documentación que acredite a condición de familia monoparental ou numerosa, de se-lo caso.

g) Resolución xudicial ou administrativa firme que acredite a condición de vítima da violencia de xénero, de se-lo caso.

h) Certificado da administración pública competente que acredite o grao de minusvalía física, de se-lo caso.

i) Certificado de empadramento con indicación do tempo que leva empadroad/a no domicilio actual e documentación acreditativa dos consumos de enerxía (electricidade, gas ou similares) e auga durante os tres anos anteriores á presentación da solicitude.

j) Acreditación do alugueiro da vivenda no prazo sinalado no artigo 9, mediante documentos oficiais que acrediten o efectivo alugueiro da vivenda.

2. Documentación acreditativa da titularidade do inmovible.

a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición da herdanza, testamento e/ou certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.

b) Nos supostos de arrendamento, e á marxe de que as obras sexan promovidas polo propietario/a ou polo inquilino/a, deberá achegarse, ademais do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre o propietario/a e o inquilino/a no que se faga consta-la descrición das obras e a autorización do propietario/a para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixible e, de se-lo caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

c) Nos casos de cotitularidade do inmovible, autorización para realiza-las obras e solicita-las axudas e aluga-la vivenda unha vez rematadas as obras, se fora o caso, asinada por tódolos cotitulares.

3. Documentación relativa ó uso da vivenda.

a) Cando o solicitante sexa o residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar deberá achegar certificado de empadramento no que se faga constar a antigüidade de residencia nesta.

b) Declaración responsable de tódalas subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por esta ordenanza.

c) Licenza das obras para as que se solicita axuda.

d) Indicación da anualidade orzamentaria á que se pretende imputa-la actuación, tendo en conta a data de inicio e remate previsible das obras (2013, 2014, 2015 ou, de producirse reaxuste de anualidades, anualidades posteriores).

e) De se-lo caso, certificación da acta da reunión da xunta de propietarios na que se acorde a execución das obras, a aceptación do orzamento destas e das cotas de reparto entre os propietarios. De non existir xunta de propietarios constituída, deberá presentarse acordo asinado por tódolos propietarios co mesmo contido.

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas nesta norma, así como a autorización para acada-los datos en poder da Administración pública municipal que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoreiro municipal que acredite que se atopan ó día nas súas obrigas fiscais no concello).

4. Non obstante o establecido no apartado anterior deste artigo, os meros efectos de dar cumprimento á obriga de notificarlle ó IGVS, no prazo de nove meses contado dende a



sinatura do acordo, os beneficiarios finalistas das subvencións con indicación da data prevista de inicio de actuación, do seu prazo estimado de execución e o importe das axudas previstas (tal e como establece o acordado no apartado cuarto do Acordo de Comisión Bilateral xa citado), entenderase como completado o expediente cando o/a solicitante da subvención achegue:

a) En vez do proxecto técnico que defina as obras, outro documento técnico baixo o nome de memoria valorada, anteprojecto, proxecto básico ou outro similar que recolla a definición das obras para subvencionar de xeito suficiente para que os servizos técnicos municipais poidan emitir unha proposta favorable sobre estas por axustarse á normativa urbanística de aplicación e as normas reguladoras desta subvención.

b) En vez da licenza urbanística de obra concedida e expedida, a mera solicitude desta, sempre e cando antes do comezo das obras obxecto de subvención se achegue esta ó expediente.

c) Declaración responsable obrigándose a presentar, con carácter previo á remisión ó IGVS do expediente para a cualificación provisional, tanto o proxecto técnico necesario para obter a licenza coma esta unha vez concedida e expedida.

#### Artigo 18.- Aprobación inicial das axudas

1. Unha vez achegada a solicitude coa documentación complementaria e unha vez efectuada a verificación documental desta, os técnicos do servizo emitirán os informes oportunos e, posteriormente, o expediente será remitido á consellería correspondente para a súa cualificación provisional.

2. Á vista da cualificación provisional, a Comisión Avaliadora formulará proposta de outorgamento da subvención e o órgano que ostente a atribución para autorizarlo gastará sobre a concesión inicial das axudas, trala proposta de resolución. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite necesario para a obtención das axudas.

3. No caso de que as obras, visitadas e supervisadas previamente polos técnicos da oficina e cualificadas provisionalmente, estivesen rematadas, no momento de elevalo expediente ó órgano competente para a súa aprobación, acordarase conxuntamente a aprobación inicial e definitiva das axudas, sen prexuízo de demoralo recoñecemento do dereito ó aboamento da subvención ata o exercicio orzamentario ó que se teña adscrita a actuación.

4. Unha vez recibida a comunicación da aprobación inicial, o/a solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño recollido no manual de imaxe corporativa do Plan Vivenda 2009 - 2012 o cal deberá permanecer ata o cobro total das axudas solicitadas.

#### Artigo 19.- Contratación das obras

1. Os/As solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

2. Deberá constar no Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.

#### Artigo 20.- Inicio das obras

1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da aprobación inicial da subvención. O devandito prazo poderá prorrogarse polo mesmo prazo, logo de solicitude xustificada. Unha vez transcorrido este período sen que comezasen as obras procederase á retirada da subvención inicialmente outorgada, previo expediente con trámite de audiencia ó interesado/a.

2. O/A solicitante promotor/a das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das

obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do orzamento de obras de cada empresa, de forma que poida quedar constancia deses datos.

